



Referencia aos méritos máis relevantes do CV (Outubro de 2018)

Nome e apelidos: María Álvarez de la Granja

Categoría académica: Profesora Titular de Universidade

Centro/ Universidade: Instituto da Lingua Galega / Facultade de Filoloxía
– Universidade de Santiago de Compostela

Docencia:

Desde o comezo da súa traxectoria laboral impartiu docencia na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (títulos de Licenciatura e Grao, cursos de doutoramento e diferentes mestrados) e ten impartido docencia tamén nos graos impartidos na Facultade de Ciencias da Comunicación da mesma Universidade.

Investigación:

María Álvarez de la Granja licenciouse en Filoloxía Galega con grao en 1994 e obtivo o título de doutora en 2002. Desde ese momento forma parte do Instituto da Lingua Galega, como membro do seu Consello Científico.

A súa investigación oríentase principalmente cara ao léxico, a lexicografía, a semántica e a fraseoloxía. En relación con estes campos é autora de dous libros (*As locucións verbais galegas* e *Léxico dispoñible do galego*, este último en coautoría con Belén López Meirama), (co)editora de cinco volumes, publicados en diferentes editoriais de carácter nacional e internacional, así como autora ou coautora de ao redor de cincuenta publicacións en libros ou revistas. Participou, ademais, na elaboración de diversos recursos dixitais que se ofrecen en aberto no Instituto da Lingua Galega, como o *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* ou a nova versión do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Actualmente é a Investigadora Principal do proxecto *Corpus de textos escritos no ámbito académico (CORTEGAL)*.

Desde xullo de 2018 é a coordinadora do grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega, (grupo de referencia competitiva, con financiamento ininterrompido da Xunta de Galicia desde o ano 2006).

Xestión: No que respecta á xestión no ámbito universitario, foi coordinadora do Grao en Lingua e Literatura Galegas desde o curso 2011-2012 ata o 2014-2015 e nos cursos 2016-2017 e 2017-2018. Durante o curso 2014-2015 redactou, en colaboración co director do Departamento de Filoloxía Galega, o Plan de Viabilidade do Grao en Lingua e Literatura Galegas. No mesmo período foi membro da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía, membro da Comisión de Títulos de Grao e membro da Comisión do Grao en Lingua e Literatura Galegas, en calidade de Secretaria. Durante o curso 2016-2017 esta Comisión elaborou o Informe de Renovación da Acreditación do Grao en Lingua e Literatura Galegas. Foi así mesmo membro da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos da Facultade de Filoloxía desde o curso 2012-2013 ata o 2014-2015 e desde o curso 2016-2017 ata a actualidade, así como membro da Comisión de Prácticas Externas tamén desde o curso 2016-2017 ata a actualidade, en representación do Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía. Desde o ano 2002 forma parte do Instituto da Lingua Galega, como membro do seu Consello Científico e desde xullo de 2018 é a súa secretaria.

Outros:

É secretaria da revista *Estudos de Lingüística Galega* desde a súa creación en 2009 e foi secretaria da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega* desde o ano 2003 ata o 2014.

Foi Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia polos estudos de Filoloxía Hispánica (Xunta de Galicia, 1994), Premio Extraordinario de Licenciatura correspondente ao curso 1995-1996 pola Licenciatura de Filoloxía Hispánica (Galego-Portugués) (Universidade de Santiago de Compostela, 1999) e Premio Extraordinario de Doutoramento da Facultade de Filoloxía correspondente ao curso 2001-2002. (Universidade de Santiago de Compostela, 2003)

Ten recoñecidos tres sexenios de investigación pola Comisión Nacional de Evaluación de la Actividad Investigadora (CNEAI) (último tramo concedido 2011-2017).